

**PROGRAMACIÓN DE PEDAGOGÍA TERAPEÚTICA**

**CURSO 2016/2017**

**C.P.I. DE VEDRA**

**Juan Carlos Ares Diz**

## INDICE

INTRODUCCIÓN.....	3
1. OBXECTIVOS XERAIS.....	4
2.- CARACTERÍSTICAS DA INTERVENCIÓN..	7
3.- METODOLOXÍA.....	7
4.- ORGANIZACIÓN.....	9
5.- ACTIVIDADES.....	10
6.- RECURSOS.....	10
6.1. <i>Recursos materiais</i> .....	10
6.2. <i>Recursos persoais</i> .....	10
7.- AVALIACIÓN.....	12
8.- HORARIO.....	13
9.- ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO (ESO).....	14
10. PROGRAMAS DE INTERVENCIÓN INDIVIDUALIZADA.....	17

Anexo Protocolo Alumnos/as TDAH

## **INTRODUCCIÓN**

Esta programación elabórase de acordo co establecido no artigo 10 da ORDE do 7 de xuño de 2016 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2015/ 2016, nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, e nos artigos 23 e 27 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias (DOG 26-01-99).

O CEIP de Vedra conta neste curso entre o seu equipo de profesorado cun orientador, dous especialistas en PT e un mestre de AL. A mestra de PT de primaria conta cunha aula propia, namentres que a mestra de AL máis eu, (PT de secundaria) compartimos aula dado a complementariedade dos horarios, o cal permite o contacto ca miña compañeira especialista en audición e linguaxe e a disposición de material e os servizos precisos na atención do alumnado.

Tendo en conta a actual lexislación vixente no noso sistema educativo, en especial a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación e o Real Decreto 1631/2006, do 29 de decembro, e o Decreto 86/2015 do 29 de xullo polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, permítese aos centros educativos concretar o currículo e adaptalo ás necesidades dos nosos alumnos/as.

Dita lexislación, ao igual que outra, tívena en conta á hora de elaborar a presente programación para o curso 2015/16, ao igual que as competencias básicas como a capacidade de responder a unha combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivacións, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais que actúan conxuntamente para lograr unha acción eficaz. Ditas competencias básicas recóllense no artigo 3 do Título Preliminar do Decreto 86/2015 do 29 de xullo.

As competencias básicas desta programación son aquelas que se sustentan a realización persoal, a inclusión social, así como as competencias nas áreas instrumentais básicas, cos seguintes propósitos:

- Integrar as diferentes aprendizaxes, tanto formais (incorporados ás diferentes áreas ou materias), como os informais e non formais.
- Permitir a tódolos estudantes integrar as súas aprendizaxes, poñelos en relación cos distintos tipos de contidos e utilzalos de maneira efectiva cando lles resulten necesarios en diferentes situacións e contextos.
- E , por último, orientar a ensinanza, ao permitir identificar os contidos e os criterios de avaliación que teñen carácter imprescindible e, en xeral, inspirar as distintas decisión relativas ao proceso de ensinanza e de aprendizaxes.

O traballo nas áreas e materiais do currículo para contribuír ao desenvolvemento das competencias básicas debe complementarse con diversas medidas organizativas e funcionais, imprescindibles para o seu desenvolvemento. Así, a organización e o funcionamento dos centros e as aulas, a participación do alumnado, as normas de réxime interno, o uso de determinadas metodoloxías e recursos didácticos, ou a concepción, organización e funcionamento da biblioteca escolar, entre outros aspectos, poden favorecer ou dificultar o das competencias asociadas á comunicación, análise do entorno físico, a creación, a convivencia e a cidadanía. Igualmente, a acción titorial permanente contribúe de un modo determinante á adquisición de ditas competencias, de aí, a importancia do contacto directo cos mestres/as tutores/as, traballando á par, favorecendo o desenvolvemento integral dos mozos/as.

## **1. OBXECTIVOS XERAIS**

- **En relación ó Proxecto Educativo de Centro**
  - Participar na súa elaboración, dende a realidade desta especialidade, asesorando e concretando a organización xeral do servizo de Pedagogía Terapéutica.

- **En relación á identificación das necesidades educativas dos alumnos/as.**
  - Prestar especial atención á prevención, detección e identificación temperá das necesidades específicas que precisen apoios específicos.
  - Valorar as ditas necesidades en relación cos aspectos curriculares da área de linguaxe.
  - Colaborar na proposta ou realización das acudas técnicas precisas para o acceso do alumno/a ao currículo e incluso a súa inclusión social e laboral.
  
- **Co mestre/a-titor/a.**
  - Realizar encontros cos titores/as para a información e asesoramento preciso na detección e no tratamento das necesidades desta especialidade.
  - Orientando as adaptacións necesarias que o proceso educativo dos alumnos/as requira en tódolos aspectos referidos á linguaxe.
  - Participar, neste senso, na elaboración e revisión periódica das ACIs.
  - Colaborar igualmente na avaliación continua do proceso de aprendizaxe nas distintas áreas, principalmente as instrumentais básicas.
  
- **Co alumnado**
  - Potenciar o proceso de socialización a través das normas e valores, co gallo de facer do centro escolar un modelo social de convivencia, no respecto, tolerancia e colaboración entre tódolos membros.
  - Integrar ao alumnado con necesidades nos distintos ámbitos educativos, prestándolle apoios pertinentes nas materias e sesión máis convenientes, segundo as posibilidades de cada alumno/a en concreto.

- Conseguir un nivel de autonomía e hábitos básicos de conduta e traballo en relación a cada un dos alumnos/as con necesidades.
  - Dar unha resposta aos alumnos/as co necesidades no marco dunha actividade conxunta e coordinada por parte de tódolos profesionais do centro.
  - Elaborar programas específicos de actuación de pedagogía terapéutica tendo en conta as características propias de cada alumno/a.
- **Cas familias.**
    - Orientar ás familias ofrecéndolles información e pautas de actuación.
    - Estar á disposición das necesidades ou cuestión que as familias manifesten na atención dos nenos/as.
    - Fomentar a participación dos pais/nais/titores-as e implicalos no proceso educativo dos seus fillos/as.
- **Co Departamento de Orientación.**
    - Establecer relación de coordinación, para favorecer a nivel de avaliación, asesoramento... a efectividade educativa.
    - Colaborar na elaboración e desenvolvemento de material e programas específicos relacionados cas dificultades dos mozos/as.
    - Diseñar un Plan de Atención á Diversidade eco fin de planificar medidas educativas que faciliten unha resposta adaptada ás necesidades educativas específicas que presentan os alumnos/as escolarizados nel, e en concreto, aqueles con necesidades permanentes ou transitorias.
    - Colaborar con outras institucións u organismos externos ao centro.

## **2. CARACTERÍSTICAS DA INTERVENCIÓN**

Integrada no marco da proposta curricular do centro, a miña intervención terá un carácter preventivo, individualizado e continua.

- o Preventiva, mediante a realización dunha avaliación inicial para determinar os posibles alumnos/as que precisen dun apoio ou axuda específica adecuada ás súas necesidades.
- o Individualizada, contemplando a diversidade do alumnado, actuando consecuentemente á mesma.
- o Continua, mantendo un seguimento en todo momento dos rapaces/as.

O meu plan de actuación está dirixese:

- o Ao alumnado dos dous primeiros cursos da etapa da ESO coa finalidade de reforzar as áreas instrumentais básicas – as linguas e as matemáticas - daqueles que acceden desde a Educación Primaria ou que xa están a cursar a ESO con importantes déficits formativos.
- o Ao alumnado escolarizado nos diferentes cursos da ESO que teñen autorizada unha Adaptación Curricular Significativa.

## **3. METODOLOXÍA**

É fundamental ter en conta a flexibilidade dende diferentes perspectivas ao plantexar as actividades a realizar en pedagogía terapéutica, é dicir que a atención aos alumnos/as dependerá de múltiples factores que se terán en conta na súa globalidade como poden ser: as necesidades específicas de cada alumno/a, a súa idade, curso, materia, modalidade de apoio, dispoñibilidade horaria...

Segundo as directrices do centro en canto a decisión metodolóxicas dareille especial importancia á adquisición dunha aprendizaxe significativa, ao pensamento reflexivo, a interacción dentro da aula e aprendizaxe autónomo, principios nos que se basea o traballo do noso equipo. Desta forma, trátanse de elaborar os reforzos e adaptacións curriculares necesarias e levalas á práctica, adaptacións e reforzos que

permitan ao alumnado con necesidades específicas recibir unha ensinanza o máis normalizada posible e de acordo cas súas capacidades.

Tamén participárase na toma de decisións, planificando a resposta educativa máis adecuada atendendo á diversidade, a posta en práctica da estratexia que supoñen as adaptacións curriculares. Estes axustes para aqueles alumnos/as que manteñen necesidades específicas de recibir apoio específico poden ir en varias direccións:

- Adaptacións de acceso ao currículo: nos aspectos espaciais e materiais que permitan ao alumno/a con necesidades poder cursar o curriculum ordinario.
- Adaptacións curriculares: na programación dos obxectivos, contidos, metodoloxía, actividades, criterios e procedementos de avaliación. Terase en conta ao elaborar as adaptacións os seguintes criterios:
  - Partir do currículo ordinario.
  - Tender as adaptacións o menos significativas.
  - Realizar as mesmas co titor/a e os especialistas implicados.

Debido ás distintas necesidades educativas especiais que presentan cada un dos alumnos/as que asisten a aula de apoio, non existirá un método único de ensinanza, procurándose dar resposta aos ritmos, intereses e capacidades de cada alumno/a, mediante a motivación, promovendo a adquisición de aprendizaxes significativas. Todo iso realizarase ofrecendo ao alumnado un ambiente de seguridade e confianza ante as tarefas que se lle presente.

Utilizarase un reforzamento positivo (preferentemente de tipo social), partindo tanto de reforzadores externos, como do seu propio traballo ben realizado. Proporcionaranse apoios pedagóxicos necesarios para a consecución dos obxectivos propostos, para isto se lles ofrecerá axudas visuais e verbais, xeneralizando as súas aprendizaxes, aplicando todo o aprendido en distintas actividades.



En calquera caso, e de forma xeral, pretenderase que a actividade sexa o máis lúdica e interactiva posible, que parta dos intereses e dos coñecementos previos dos mozos/as.

#### **4. ORGANIZACIÓN**

Referente á organización da aula de apoio, o alumnado que asistirá á mesma foi decidido polo orientador do centro, eu como mestre de pedagogía terapéutica e os profesores/as que imparten docencia ao alumnado que presenta ditas dificultades ou necesidades.

O apoio realizarse na aula en sesión de 55 minutos aproximadamente, segundo criterios pedagóxicos e organizativos. O alumnado que vai a asistir a aula, acudirá de maneira individual ou por parellas, segundo criterios de similar nivel de competencia curricular e compatibilidade entre eles/as.

Estes alumnos/as asistirán varias sesión por semana dependendo do alumno/a e as súas necesidades á aula de apoio permanecendo o resto da xornada nas súas aulas de referencia.

O traballo que este alumnado desenvolverá estará baseado no informe psicopedagóxico e no documento individualizado de adaptación curricular de cada un.

As adaptacións curriculares irán dende leves modificacións do currículo en materias concretas, ata modificacións nos seus elementos básicos, segundo a dificultade do alumnado e o seu nivel de competencia curricular.

O traballo co alumnado que recibirá apoio coordinarase ca dos titores/as de maneira que o que realicen nas súas aulas sexa unha continuación ou complementación do que se realiza na aula de apoio, cando sexa posible. Para iso, ao longo do curso teranse reunión trimestrais ou cando sexa necesario de coordinación para revisar a programación dos alumnos/as e modificala se considera convinte dependendo do ritmo do alumnado.

## **5. ACTIVIDADES**

As actividades que se realicen na aula de apoio realizaranse individualmente ou en parellas, en función dos contidos traballados. Estas poden ser:

Actividades de práctica e revisión dos contidos mediante a resolución de exercicios e problemas de cada unidade didáctica.

Actividades de reforzo.

Actividades propostas no Tratamento da diversidade propostas nos Recursos fotocopiáveis para o profesorado.

Actividades manipulativas.

Actividades interactivas online, programas informáticos...

## **6. RECURSOS**

### **6.1. Recursos materiais**

Os materiais máis empregados serán os seguintes:

- Libro do alumno/a, cadernos do alumno/a
- Calculadora, tangram, compás, transportador de ángulos...
- Cadernos de reforzo de Matemáticas e Língua Galega e Castelá.
- Enlaces web de utilidade didáctica:
- Classroom- Aula virtual do C.P.I. de Vedra.
- [www.aula21.net](http://www.aula21.net)
- [www.anayadigital.com](http://www.anayadigital.com)
- [www.amejor.net](http://www.amejor.net)
- [www.clic.es](http://www.clic.es)
- [www.xunta.es/alumnado/recursos](http://www.xunta.es/alumnado/recursos)
- Moedas e billetes de euro
- Libros de texto e lecturas.

## **6.2. Recursos persoais**

O centro dispón este curso con 8 unidades, dúas por nivel, ás que debemos engadir un Agrupamento Específico en 1º de ESO. O profesorado que imparte a súa docencia nesta etapa está formado por:

- 2 mestres/as adscritos ao Primeiro ciclo da ESO que imparten C. Sociais e Pedagogía Terapéutica.
- 19 profesores/as de ensino secundario das distintas especialidades:
- 2 de L. Castelá, 2 de L. Galega, 2 de L. Inglesa, 1 de L. Francesa, 3 de Matemáticas, 1 de Bioloxía-Xeoloxía, 1 de Física-Química, 2 de Xeografía e Historia, 1 de Tecnoloxía, 1 de Música, 1 de Plástica e Visual, 1 de Ed. Física e 1 de Relixión Católica.
- 1 Orientador

### **PERSOAL NON DOCENTE**

O persoal non docente deste Centro está composto por:

1 Conserxe

1 Axudante de cociña con funcións de cociñeira

3 axudantes de cociña

1 Aux. Administrativa

1 Coidadora

O conserxe desempeña as funcións propias de subalternos, segundo o Decreto 3143/1971 (BOE nº 311 de 29/12/71) e aquelas outras tarefas que lle sexan encomendadas dentro do seu ámbito de competencias.

No que se refire ao persoal de cociña encárgase da preparación da comida segundo os menús elaborados pola persoa responsable do comedor, da conservación e limpeza do material de cociña, do almacenamento e coidado dos alimentos. Ademais daquelas outras tarefas que lle sexan atribuídas en función do convenio colectivo único

para o persoal laboral da Xunta de Galicia segundo resolución do 23 de maio de 2002 da Dirección Xeral de Relacións Laborais.

A auxiliar administrativa encárgase das tarefas de administración segundo instrucións do Secretario do Centro.

A coidadora é a responsable da atención ao alumnado para o cal está destinada.

## **7. AVALIACIÓN**

De modo xeral, levarase a cabo unha avaliación inicial ca finalidade de determinar as necesidades educativas e a elaboración dunha programación de atención axeitada a cada caso; unha avaliación continua ó longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe para reaxustar a metodoloxía e os contidos educativos, así como as decisións de apoio adoptadas por tódolos especialistas; e unha avaliación final para determinar o grao de adquisición dos obxectivos propostos.

Á hora de avaliar, por un lado avaliarei ao **alumnado**, segundo as cualificacións obtidas e segundo o grao de consecución dos obxectivos marcados individualmente, e por outro, avaliarase tamén o desenvolvemento da **programación** atendendo ao grao de idoneidade dos obxectivos, contidos e actividades propostas, e dicir, avaliar a continuidade, modificación ou substitución dos mesmos.

## 8. HORARIO

Na vindeira semana configurarei o meu horario definitivo tendo en conta o horario dos demais mestres/as (principalmente aqueles que realizaron ACI a algún neno/a e as áreas instrumentais básicas) e trala súa avaliación inicial con respecto a cada grupo de referencia, organizando así os apoios dentro e fóra da aula.

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
<u>09.05-09.30</u>					
<u>09.20-10.20</u>		3ºB	G	1ºA	1ºB
<u>10.20-11.10</u>	2ºA	1ºA	1ºA		
<u>11.10-12.00</u>	1ºB	T.P. (Titoría Pais)	2ºA	1ºB	2ºA
<u>12.00- 12.25</u>	R	E	C	R	EO
<u>12.25-13.15</u>	3ºB		3ºB	2ºA	1ºA
<u>13.15-14.05</u>		G	1ºA	2ºA	
<u>14.05-14.55</u>			2ºA		1ºA
<u>14.55-15.20</u>	TRANSPORTE	COMEDOR		COMEDOR	TRANSPORTE
<u>15.20-16.10</u>		G			
<u>16.10-17.00</u>		G			
<u>17.00-17.25</u>					

## **9. ALUMNADO QUE RECIBIRÁ APOIO INDIVIDUALIZADO**

Tendo en conta as miñas funcións como mestre de pedagogía terapéutica, tiven e terei en conta a situación dos alumnos/as que xa presentaron certas dificultades á hora de precisar apoio educativo. A continuación resumo que dificultades manifestaron estes alumnos/as en cursos pasados, destacando o feito da necesidade de facer unha avaliación inicial diagnóstica do resto do alumnado como medida de atención temperá para tódolos mozos/as, ofrecendo así unha educación igualitaria, compensatoria e de calidade (tendo en conta os tres principios da LOE de atención á diversidade: individualización, normalización e inclusión).

- **Alumnado procedente de 6º**

Neste curso 2016/17 os alumnos de **1º A** susceptible de apoio educativo estará conformado nun Agrupamento Flexible en I. inglesa, lingua galega e lingua castelá. Estes alumnos recibirán tamén reforzo na aula de P.T. na área de lingua francesa por estar exentos.

### **1º ESO A**

- \* **AIL** : Alumno que suspendeu en 6º C. do Medio, Matemáticas, L. Castelá e L. inglesa. Promocionou por imperativo legal. Ten moitas dificultades de aprendizaxe. Ambiente familiar pouco estimulador, con falta de habilidades e pautas de crianza. Suspendeu L. Castelá, L. Galega e Xe Historia (esta última con ACI) polo que **repite 1º**. ACS en XeH, Bio, Plástica, Mat, e Inglés. Falta de traballo, moi dependente do profesor. Exento da segunda lingua estranxeira.
- \* **CCV** : Suspendeu L. Castelá e Matemáticas. Diagnosticada de TDAH. Adherencia ao tratamento irregular. Moi traballadora. Presenta problemas de

comprensión e razoamento. Estivo a piques de repetir 6º. Exenta de Francés.

- \* **IIG** : Alumno que suspende CCSS e L. Castelá de 6º. Pouco traballo, necesita traballar para aprobar. Non participa na clase, e ademáis é un neno sobreprotexido. Proposto tamén para exención de francés. Agrupamento flexible.
- \* **IOA**: Alumna con intelixencia límite. Ten ACS vixente nas materias de L. Castelá, L. Galega, Inglés e Matemáticas. Escasa capacidade de comprensión e razoamento. Pódese considerar a necesidade de ampliarlle a ACS a outras áreas. Ten boa capacidade de traballo. Exenta da lingua estranxeira.

### 1º ESO B

- \* **SBP** : Alumno novo no centro con grandes dificultades de comprensión lectora, mecánica lectora e escritura. Promociona con L. Castelá suspensa de 6º. Está exento da segunda lingua estranxeira. Grupo Específico.
- \* **MCH** : Alumna que suspende matemáticas de 6º. Aproba todo o demáis raspado. Alumna exenta de francés.
- \* **IFL** : Alumna con falta de traballo. Aproba todo aínda que moi mal en inglés. Exenta da lingua francesa.

### 2º ESO A

- \* **MPC** : Alumno de nova incorporación. Ven de repetir 1º con **ACS** en varias asignaturas, sen superar. Presenta unha escasa capacidade de traballo. Está exento da segunda lingua estranxeira.
- \* **RFC** : Alumno con Plástica pendente de 1º. Alumno con deprivación sociocultural. Familia pouco estimuladora. Tendencia ao ensimismamento. Dificultades nas linguas sobretodo. Alumno exento de francés.

- \* **RGS** : Ven de repetir 1º. Ten todo aprobado. Exento da lingua francesa.
- \* **NRG** : Aprobou todo raspado. Dificultades nas linguas (lectoescritura). Exenta de L. francesa.

### 3º ESO B

- \* **DLV** :Alumno con pouca motivación, pero esfórzase en aprender. Aprobou todo en xuño con **ACs** en CC. Sociais, Ed. Plástica, MAT, LC, LG, L. INGLESA. Precisa renovación e ampliación dalgunhas das ACIS.



## 10. PROGRAMAS DE INTERVENCIÓN INDIVIDUALIZADA

### PROGRAMA DE INTERVENCIÓN INDIVIDUALIZADA

#### 1º E.S.O. A

**DESTINATARIOS:** Agrupamento Flexible en I. inglesa, I. galega e L. castelá. Farei reforzo nas áreas de lingua castelá e lingua galega na hora de francés por estar exentos 4 alumnos:

- \* **AII** : Suspendeu L. Castelá, L. Galega e Xe Historia (esta última con ACI) polo que **repite 1º**. Ten **ACS** en XeH, Bio, Plástica, Mat, e Inglés. Falta de traballo, moi dependente do profesor. Exento da segunda lingua estranxeira. (\*)
- \* **CCV** : Suspendeu L. Castelá e Matemáticas. Diagnosticada de TDAH. Adherencia ao tratamento irregular. Moi traballadora. Presenta problemas de comprensión e razoamento. Estivo a piques de repetir 6º. Exenta de Francés.
- \* **IIG** : Alumno que suspende CCSS e L. Castelá de 6º. Pouco traballo, necesita traballar para aprobar. Non participa na clase, e ademáis é un neno sobreprotexido. Proposto tamén para exención de francés. Agrupamento flexible.
- \* **IOA**: Alumna con intelixencia límite. Ten **ACS** vixente nas materias de L. Castelá, L. Galega, Inglés e Matemáticas. Escasa capacidade de comprensión e razoamento. Pódese considerar a necesidade de ampliarlle a ACS a outras áreas. Ten boa capacidade de traballo. Exenta da lingua estranxeira. (\*)

## **OBXECTIVOS:**

- ❖ Ensinar o alumno a valorar, usar e controlar o uso de estratexias que melloren a súa aprendizaxe.
- ❖ Ensinar ao alumno a utilizar as estratexias de aprendizaxe que máis se adapten as súas características pessoais e a cada proceso de aprendizaxe no que se atopen.

## **ACTIVIDADES:**

- Vocabulario. Comprensión e fluidez verbais.
- Comprensión lectora e lectura en xeral.
- Planificación, organización e supervisión de escritura.
- Subliñados
- Resúmenes e análise da estrutura dos textos...
- Razoamento e solución de problemas.
- Desenvolvemento cognitivo en xeral.

## **TEMPORALIZACIÓN:**

Asistirán na área de:

- Língua Francesa 2 sesións semanais.
- (\*) Os alumnos AIL e IOA que contan os dous con ACS, estaría contemplado no horario a maiores das horas da exención de francés:
- Matemáticas 2 sesións semanais,
- Língua Castelá 1 sesión semanal. (Reforzo na aula)
- Língua Galega 1 sesión semanal. (Reforzo na aula)

## **PROGRAMA DE INTERVENCIÓN INDIVIDUALIZADA**

### **1º E.S.O. B**

**DESTINATARIOS:** Agrupamento Flexible en l. inglesa, l. galega e L. castelá. Farei reforzo nas áreas de lingua castelá e lingua galega na hora de francés por estar exentos 3 alumnos:

- \* **SBP** : Alumno novo no centro con grandes dificultades de comprensión lectora, mecánica lectora e escritura. Promociona con L. Castelá suspensa de 6º. Está exento da segunda lingua estranxeira. Grupo Específico.
- \* **MCH** : Alumna que suspende matemáticas de 6º. Aproba todo o demáis raspado. Alumna exenta de francés.
- \* **IFL** : Alumna con falta de traballo. Aproba todo aínda que moi mal en inglés. Exenta da lingua francesa.

### **OBXECTIVOS:**

- ❖ Ensinar o alumno a valorar, usar e controlar o uso de estratexias que melloren a súa aprendizaxe.
- ❖ Ensinar ao alumno a utilizar as estratexias de aprendizaxe que máis se adapten as súas características personais e a cada proceso de aprendizaxe no que se atopen.

### **ACTIVIDADES:**

- Vocabulario. Comprensión e fluidez verbais.
- Comprensión lectora e lectura en xeral.
- Planificación, organización e supervisión de escritura.
- Subliñados
- Resúmenes e análise da estrutura dos textos...
- Razoamento e solución de problemas.
- Desenvolvemento cognitivo en xeral.

### **TEMPORALIZACIÓN:**

Asistirán na área de:

- lingua Francesa 2 sesións semanais.

## **PROGRAMA DE INTERVENCIÓN INDIVIDUALIZADA**

### **2º E.S.O. A**

**DESTINATARIOS:.** Farei reforzo nas áreas de lingua castelá e lingua galega na hora de francés por estar exentos 3 alumnos:

- \* **MPC** : Alumno de nova incorporación. Ven de repetir 1º con **ACS** en varias asignaturas, sen superar. Presenta unha escasa capacidade de traballo. Está exento da segunda lingua estranxeira. (\*)
- \* **RFC** : Alumno con Plástica pendente de 1º. Alumno con privación sociocultural. Familia pouco estimuladora. Tendencia ao ensimismamento. Dificultades nas linguas sobretudo. Alumno exento de francés.
- \* **RGS** : Ven de repetir 1º. Ten todo aprobado. Exento da lingua francesa.
- \* **NRG** : Aproba todo raspado. Dificultades nas linguas (lectoescritura). Exenta de L. francesa.
- \*

### **OBXECTIVOS:**

- ❖ Ensinar o alumno a valorar, usar e controlar o uso de estratexias que melloren a súa aprendizaxe.
- ❖ Ensinar ao alumno a utilizar as estratexias de aprendizaxe que máis se adapten as súas características persoais e a cada proceso de aprendizaxe no que se atopen.

### **ACTIVIDADES:**

- Vocabulario. Comprensión e fluidez verbais.
- Comprensión lectora e lectura en xeral.
- Planificación, organización e supervisión de escritura.
- Subliñados
- Resúmenes e análise da estrutura dos textos...

- Razoamento e solución de problemas.
- Desenvolvemento cognitivo en xeral.

### **TEMPORALIZACIÓN:**

Asistirán na área de:

- Língua Francesa 2 sesións semanais.
- (\*) O alumno **MPC** que conta con ACS, estaría contemplado no horario a maiores das horas da exención de francés:
- Matemáticas 2 sesións semanais,
- Língua Castelá 1 sesión semanal.
- Língua Galega 1 sesión semanal.
- CC Sociais 1 sesión semanal.

Os obxectivos e actividades para **MPG** son os seguintes:

### **OBXECTIVOS:**

- ❖ Xerais: Mellorar significativamente o rendemento escolar, as actitudes ante as áreas de coñecemento, os hábitos de estudo, a motivación ante o estudo, as aptitudes escolares e o autoconcepto nos seus niveis académico, social, emocional e familiar.
- ❖ Específicos:
  - Diagnosticar os hábitos de estudo e estratexias de traballo intelectual que habitualmente utilizan os alumnos/as.
  - Correxir as deficiencias observadas.
  - Orientarlles naquelas estratexias de traballo intelectual básicas para o aprendizaxe.
  - Reforzar o aprendizaxe naquelas técnicas e estratexias que sexan especificamente necesarias.
  - Desenvolver hábitos sistemáticos no uso e dominio de ditas estratexias e técnicas.
  - Motivar o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

## **ACTIVIDADES :**

### **Actividades de reforzo da expresión Escrita:**

- Desenvolvemento da linguaxe oral (elocución, descripción, narración, composición e diálogo)
- Desenvolvemento dos aspectos gramaticais e normativos (ortografía, sintaxis e disposición espacial da escritura)
- Desenvolvemento de técnicas de traballo intelectual (investigación, elaboración de esquemas, mapas conceptuais, resumos,...)

### **Actividades de reforzo da Linguaxe Oral:**

- Ideas Previas.
- Mellora do vocabulario.
- Mellora da Pronunciación.

### **Actividades de reforzo da Comprensión Lectora:**

- Actividades previas á lectura: Conecementos previos sobre o tema.
- Lectura do texto.
- Actividades posteriores á lectura: Resumos, esquemas, autoevaluación.

### **Actividades de reforzo na área de Matemáticas:**

- Estratexias de Razonamento Lóxico-matemático,
- Estratexias de cálculo,
- Cálculo mental,
- Xeneralizar a feitos da vida cotiá.

## **PROGRAMA DE INTERVENCIÓN INDIVIDUALIZADA**

**3º E.S.O. B**

### **DESTINATARIO:**

- \* **DLV** :Alumno con pouca motivación, pero esfórzase en aprender. Aprobou todo en xuño con **ACs** en CC. Sociais, Ed. Plástica, MAT, LC, LG, L. INGLESA. Precisa renovación e ampliación dalgunhas das ACIS.

### **OBXECTIVOS:**

De acorde coas súas necesidades educativas:

- ❖ Mellorar a capacidade de atención, memoria e razoamento.

### **ACTIVIDADES:**

- Relacionadas cos contidos das áreas académicas adaptadas.
- Concretas e manipulativas.
- De instrucción directa, instrucción guiada.

### **TEMPORALIZACIÓN:**

Asistirá na área de:

- lingua Castelá 1 sesión semanal,
- lingua galega 1 sesión semanal,
- matemáticas 2 sesións semanais. (Na aula ordinaria)

**Anexo (Protocolo TADH)**



## **TDAH**

### **Prevención e intervención dentro da aula**

Estas pautas e estratexias ofrécense para beneficiar tanto o alumnado con TDAH coma o resto do grupo, e servir de guía de actuación para o profesorado.

Entre as pautas e as estratexias que deben estar presentes na contorna da aula destacan:

- **Tipo de aula.** O alumnado con TDAH debe estar nunha aula con bo clima de traballo e, a ser posible, na que non coincida con alumnado con problemáticas semellantes.
- **Perfil do profesorado.** Funciona ben o profesorado que harmoniza as normas claras e coherentes coa empatía e co reforzo positivo. Os estilos permisivo ou autoritario son negativos nestes casos.
- **Localización da alumna ou do alumno na aula.** Considérase que o alumnado con TDAH debe estar sentado cerca da mesa do profesorado e ao lado de compañeiras ou compañeiros que lle sirvan de modelo de tranquilidade, de orde e de axuda. Debe evitarse a proximidade a portas, fiestras, papeleiras e lugares de maior tránsito, así como a estímulos sonoros ou visuais. Cando se realicen traballos en grupo hai que ser coidadosos coa localización do grupo (próximo ao profesorado) e coa elección das compañeiras e dos compañeiros. En actividades individuais, este alumnado deberá ocupar unha mesa separada, orientada cara a mesa do profesorado.
- **Mesa da alumna ou do alumno.** Enriba da mesa só estarán os materiais que necesite para realizar a tarefa, e, ao rema te, deberá recollelos e gardalos, e hase de evitar que acabe xogando con eles e convertendo a mesa nun pequeno taller.
- **Normas de convivencia consensuadas na aula.** Negociaranse co alumnado unhas cantas normas de funcionamento (non moitas) e as consecuencias do seu cumprimento e incumplimento. Estas normas debe escribilas o propio alumnado, han de estar visibles na aula, e deben ser repasadas, con frecuencia, polo conxunto da clase. O profesorado evitará os enfrontamentos verbais e retadores cando se esixe o cumprimento das normas. Aconséllase firmeza, sen implicarse emocionalmente, e non culpar diante das compañeiras e dos compañeiros (o alumnado con TDAH non actúa así porque quere, senón porque non pode evitar ese comporta-mento). Manter un ambiente

estruturado, motivador e con rutinas predicibles axudaralle ao alumnado a sentirse seguro e a saber o que ten que facer en cada momento.

- **Adaptar o currículo.** Adaptar o currículo ás capacidades, ao estilo de aprendizaxe e ás necesidades do alumnado é sempre a primeira e a mellor resposta para solucionar os problemas de aprendizaxe e de conduta. Para o alumnado con TDAH, as medidas de carácter ordinario son imprescindibles e veñen reflectirse nas orientacións que se mencionan a continuación, mentres que as de carácter extraordinario dependen da evolución do alumnado ao longo da escolarización.

- **Antes e durante a realización das actividades.** No tratamento educativo con alumnado con TDAH dá resultado:

- Alternar actividades teóricas con traballo práctico.
- Antes de empezar unha actividade, hai que explicala de xeito claro e sinxelo, e asegurarse de que a entendeu todo o alumnado.

- Utilizar estratexias para captar a atención inicial como cambios de entoación, xesticulación e dramatización.

- Segmentar as actividades longas e limitar o número destas (mellor facer tres correctas ca cinco incorrectas).

- Supervisar frecuentemente a realización, para reforzar positivamente ou para reconducir a execución ou as distraccións.

- Utilizar reforzos e apoios visuais na instrución oral.

- Combinar actividades máis estimulantes con outras menos motivadoras.

- Variar os exercicios, para que non se aburra.

- Conseguir a colaboración dun compañeiro ou dunha compañeira "responsable", para que lle axude a comprender e a realizar as tarefas.

- Utilizar reforzos positivos para motivar (eloxios privados e públicos, colocar os seus traballos no taboleiro da clase, levar os traballos á casa cunha felicitación, utilizar un sistema de puntos ou economía de fichas, etc.).

- **Titoría entre iguais.** Nas aulas que contan con alumnado con TDAH hase de:

- Potenciar a aprendizaxe cooperativa, onde aprende xunto alumnado diferente.

- Promover a aprendizaxe en grupos interactivos.

- Promover a realización de debates.

- Procurar que as compañeiras e os compañeiros do alumnado con TDAH lle poidan axudar a realizar as tarefas, que o ignoren cando quere chamar a atención con condutas inadecuadas e que lle presten axuda cando atende e se centra nas tarefas.

- **Tarefas e deberes.** É necesario:

- Reducir e fragmentar as actividades.

- Supervisar os exercicios e asegurarse de que entendeu o que ten que facer.

- Utilizar reforzos e apoios visuais na instrución oral.

- Non sobrecargar de tarefas para a casa, e seleccionar ben aquelas que se consideren máis importantes.

• **Estratexias expositivas.** A memoria de traballo do alumnado con TDAH pode presentar algunhas dificultades: capacidade limitada, pola cantidade de información que pode reter simultaneamente, e escasa duración temporal na que se pode manter. Para compensar esta carencia, á hora de explicar, o profesorado debe ter en conta as seguintes estratexias:

- Antes de empezar, ha de asegurarse de que atende.
- Utilizar frases curtas e claras.
- Manter o contacto visual e permanecer cerca.
- Focalizar a atención nos conceptos “clave”.
- Utilizar estímulos visuais e modificar o ritmo da exposición, coas debidas pausas.
- Presentar a idea principal explicitamente ao principio da explicación.
- Utilizar estratexias de categorización e imaxes mentais de conceptos.
- Implicala ou implicalo, promovendo a súa participación con preguntas sinxelas.
- Proporcionarlle un sistema de titoría dun compañeiro ou dunha compañeira que lle axude a revisar os puntos fundamentais da explicación, e promover que o alumnado con TDAH explique os conceptos a estudantes con máis dificultades ca el.

Por outra parte, o profesorado debe asegurarse de que o alumnado o mira aos ollos, que entende o exposto e, de ser o caso, que copiou o sinalado. Con esta finalidade formularánselle algunhas preguntas, para que as poida responder correctamente.

• **Exames ou probas escritas.** Para mellorar o éxito das probas escritas é necesario:

- Utilizar diferentes formas e instrumentos de avaliación.
- Que os exames escritos sexan curtos e con preguntas breves, cerradas, claras e con vocabulario sinxelo.
- Complementar os exames escritos de forma oral, cando se observa que están incompletos.
- Alternar a forma de presentación das cuestións que ten que responder o alumnado (de forma oral, escrita ou coas novas tecnoloxías).
- Pactar a fórmula máis idónea para realizar os exames (oral ou utilizando o ordenador), debido ás dificultades de escritura dalgún alumnado con TDAH.
- Deixar máis tempo para os exames ou probas escritas, incluso dividilas en dúas sesións, e ser flexibles na súa duración.
- Presentar escrito o texto dos exames, salientando as partes máis importantes de cada cuestión e, no caso de preguntas complexas, diferenciando ben cada tarefa.
- Deixar suficiente espazo entre as preguntas, e supervisar a súa comprensión e execución.
- Posibilitar que as nenas e os nenos que o desexen poidan recuperar, durante a avaliación, os exames suspensos.
- Pedir que se revisen os traballos e os exames antes de entregalos.

• **Uso da axenda.** A axenda é un instrumento moi útil, imprescindible para o alumnado con TDAH, tanto para servir de canle de comunicación coa familia,

coma para lle axudar ao alumnado a levar ao día as súas tarefas. De aí que a axenda debe:

- Supervisarse pola familia e polo profesorado, tratando de que o alumnado aprenda a usala.
- Servir para que o profesorado escriba diariamente algo positivo e poderanse mencionar, a continuación, aspectos que hai que mellorar.
- Usarse para que as familias e o alumnado coñezan, con antelación suficiente, as datas dos exames, os contidos que teñen que preparar, as datas para entrega de traballos, os libros de lectura, etc.
- Usarse para reforzar e eloxiar o bo rendemento e comportamento.

• **En canto á atención na clase.** A atención pode mellorarse:

- Se negocian co alumnado períodos curtos de atención cando realiza tarefas, de cara a ir aumentando a súa duración de forma progresiva.
- Se reforza o esforzo polo aumento de tempo de atención.
- Se inclúen actividades onde poida ter éxito, segmentando en fases as máis difíciles e negociando un tempo para rematar cada unha.

• **Estratexias para mellorar a motivación e a autoestima.** Débese:

- Fomentar unha relación positiva entre o alumna-do e o profesorado.
- Coñecer o seu estilo de aprendizaxe, as súas capacidades, as súas preferencias e motivacións.
- Ofrecerlle ao alumno experiencias de éxito, e reforzarse calquera pequeno logro na aprendizaxe e/ou na conduta.
- Ofrecerlle confianza e expectativas positivas, facéndolle correccións respecto á súa tarefa e achegando propostas de mellora.
- Axudarlle a coñecer e a manexar as súas emocións (baixa tolerancia á frustración, dificultades para atrasar a gratificación).
- Evitar avaliar sempre negativamente e proxectar expectativas de éxito.

• **Estratexias para controlar e mellorar a conduta.** Como o obxectivo é aumentar os comportamentos axeitados e diminuír os comportamentos inadecuados, deben cambiarse os antecedentes e as consecuencias para que o comporta-mento da nena ou do neno cambie, o que supón comprender as características do TDAH. Hai que amosar unha actitude tolerante, flexible e paciente, e o profesorado debe actuar como un modelo de conduta reflexiva para o alumnado. Pódense utilizar como criterios xerais de manexo da conduta os seguintes:

- O reforzo positivo de condutas adecuadas ou aproximacións.
- Evitar as recriminacións verbais, corrixir en privado e felicitar en público.
- Ignorar os comportamentos de chamadas de atención que non son moi molestos.
- Permitir momentos de descanso, como levantarse, borrar o encerado, repartir cadernos.
- Utilizar puntos para conseguir premios ou incentivos.
- Establecer consignas non verbais co alumnado para advertilo do incumprimento dalgunha norma.
- Evitar a acusación, ridiculización, etiquetaxe moral ou estigmatización.
- Anticiparse e prever situacións que poidan presentar problemas.

- Realizar entrevistas periódicas individuais co alumnado sobre o seguimento e motivación da conduta e sobre o seu traballo.
- Favorecer que os demais xoguen con el ou con ela e que os ignoren cando se portan mal.
- Facer contratos de conduta adaptados á idade do alumnado.

• **Estratexias para mellorar a reflexividade.** Para incrementar os procesos de reflexión pódese:

- Ensinar técnicas útiles para a mellora no funcionamento cognitivo e no control da atención.
- Proporcionar estratexias de memorización.
- Ensinar estratexias diferentes para un mesmo problema, co fin de aprender a xeneralizar.
- Fomentar o traballo en grupo, xa que a cooperación mellora as estratexias analíticas e a conduta.
- Non presentar actividades con límite rigoroso de tempo, o que favorece a impulsividade e a tendencia a “saír do paso”.
- Proporcionar axuda para o repaso e a autoavaliación.

• **Entrevistas regulares entre o profesorado e a familia.**

A evolución positiva do alumnado dependerá da actuación do profesorado e do apoio da súa propia familia. Cómpre establecer entrevistas periódicas do profesorado titor coa familia (aconsellable cada 2 ou 3 semanas) para intercambiar información sobre os progresos nos planos académico, social e emocional, así como sobre as dificultades atopadas e as estratexias compartidas para superalas.

• **Comprensión do proceso de aceptación do problema por parte da familia.**

En ocasións, o profesorado manifesta que a familia non acepta o problema da súa filla ou do seu fillo. Neste caso, o papel do profesorado é o de acompañar e axudar, e tamén de poñer a disposición da familia e do alumnado todo o saber e as medidas educativas necesarias.

• **Compartir responsabilidades na aula.** Pódense aproveitar os materiais para lle dar responsabilidades sobre o seu coidado e utilización: repartir, recoller, ordenar, facer fotocopias, borrar o encerado. Ao mesmo tempo, esas accións permítenlle moverse de vez en cando e descansar para poder recuperar a atención.

• **Técnicas de modificación de conduta.** Utilízanse para favorecer o cambio de comportamento a través dunha serie de estratexias. Con elas preténdese reducir ou eliminar as condutas problemáticas e fortalecer as condutas adecuadas. As máis eficaces no tratamento do TDAH son:

- **Técnicas para incrementar a conduta desexada,** como o reforzo positivo e a economía de fichas.
- **Técnicas para reducir as condutas non desexadas,** como retirar a atención diante dunha conduta inadecuada, reforzar condutas alternativas, privalo de obter reforzamento etc.

• **Outras técnicas para a mellora cognitiva.** A mellora nos procesos cognitivos favorécese coa exercitación en:

- Autoinstrucións.
- Solución de problemas.
- Autoobservación.

- Atribución adecuada dos éxitos e dos fracasos.
- Habilidades sociais.

- **Estratexias de intervención nas dificultades específicas da aprendizaxe.** Hai que atender o posible atraso escolar que pode asociarse ao TDAH, polo que debe prestarse especial atención ao tratamento da lectura, da comprensión.